

O SECRETARIO XERAL DE UGT-GALICIA REÚNESE CON UUAA PARA ANALIZAR A SITUACIÓN DO SECTOR LÁCTEO

Redacción.- O pasado luns o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, reuniuse co máximo responsable de UUAA, Roberto García, e a secretaria xeral do S.N. de CCOO de Galicia, Amelila Pérez, para analizar a situación do sector lácteo nesta Comunidade.

Un sector que está a atravesar grandes dificultades pola pechazón da industria a equilibrar o prezo que paga polo leite co brutal incremento dos custos de produción das granxas.

Os produtores galegos levan perdido no tramo interanual de 2020/21 un 11,45% dos seus ingresos por mor das fortes subas nos custos de produción, que alcanzaron case un 17% nos últimos meses. Porén, industrias como CAPSA e Lactalis atesouran un incremento de facturación dun 18% e un 24% respectivamente no mesmo período grazas á revalorización do leite líquido nos lineais da distribución e pola suba imparabíle dos derivados industriais como a graxa.

José Antonio Gómez, secretario xeral de UGT-Galicia, apuntou nesta xuntanza que o esmorecemento do medio rural galego ten moito que ver coa caída constante

da actividade gandeira, que cada ano ve como se pechan novas granxas. Desde esa óptica lembrou que o sostemento do emprego nas comarcas vencelladas á produción láctea pasa polo relanzamento desta actividade, porque "6.000 explotacións supoñen 18.000 empregos que neste momento non só manteñen a actividade económica, senón que tamén vertebran o territorio e só nos lembramos deles cando hai lumes". Do mesmo xeito apuntou que cando as industrias se gaban da súa actividade na responsabilidade social corporativa, deberían comezar por dar exemplo pagando un prezo xusto polo leite. Ademais, chamou a atención das administracións porque este país é deficiente en produción, precisa importar, e non se pode permitir o luxo de seguir perdendo explotacións.

Finalmente, fixo fincapé en que UGT-Galicia vai estar a carón de todos estes produtores, tanto nas súas demandas como nas súas mobilizacións.

O secretario xeral de UUAA incidiu en que tanto Lactalis como CAPSA mellora-



ron os seus ingresos só en Galicia en arredor 21/22 millóns de euros no período febreiro/outubro de 2021. Cifras que que lles permitiría subir máis de 4 cts/l o prezo que pagan aos produtores polo leite. UUAA segue a manter unha liña de acción sindical enfocada a sinalar ás empresas que non permiten aos produtores trasladar ao prezo do leite en orixe parte dos brutais custos de produción que están a sufrir as explotacións e en contra do que se fixa na Lei da Cadea. Para a organización non cabe outra estratexia, tras lograr que a distribución aceptara incrementar o prezo de venda ao público e que logo esa suba non se traslade aos gandeiros.

DELEGADOS E DELEGADAS DE SANIDADE RECLAMAN MÁIS RECURSOS PARA ATENCIÓN PRIMARIA

Redacción.- Delegados e delegadas de UGT e dos outros sindicatos con representación na mesa sectorial de Sanidade concentráronse o pasado luns fronte ó Parlamento de Galicia, onde se estaban ultimando en comisión as contas do vindeiro exercicio, para, precisamente, amosar o seu desacordo coas contas públicas que se presentan no relativo á atención primaria.

Ademais de denunciar outras eivas, como as carencias retributivas que se arrastran aínda dende a anterior crise económica motivadas polos recortes impostos, os delegados e delegadas fixeron fincapé nos déficits de persoal no sector sanitario e, sobre todo, na atención prima-

ria. O que está a levar a que se lles esté denegando a estes traballadores os permisos solicitados para este exercicio porque non hai traballadores suficientes para cubrilos.

A pesar disto, o Goberno galego presenta unhas contas públicas nas que se recolle unha redución orzamentaria para atención primaria do 2% con respecto ao exercicio anterior.

Nestas condicións, e sobre todo na ac-



tual conxuntura de pandemia, resulta difícil dar unha atención de calidade ós doentes no primeiro eslabón sanitario, a atención primaria.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE PESCANOVA MOBILÍZANSE POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- Este luns traballadores e traballadoras de Pescanova concentráronse fronte á sede de Abanca, principal accionista do grupo, en Vigo para reclamar un convenio digno.

Tras meses de negociacións infructuosas para pechar o convenio colectivo e ante a cerrazón da empresa, os traballadores e traballadoras de Pescanova decidiron abrir un calendario de mobilizacións.

Rubén Perez (UGT-FICA-Vigo) explicou que a empresa fai unha oferta económica irrisoria dun 0,5% para o 2021. Para o 2022, a suba sería do 0,75%, do 1% para o 2023 e do 1,25% para o 2024. Uns incrementos que se traducirían no 3% os vindeiros catro anos e que distan moito da alza que experimentou o IPC en novembro.

Ademais, os representantes sindicais denuncian que a dirección pretende fixar unha xornada flexible.



A FUNDACIÓN LUÍS TILVE PRESENTA EN VIGO A PUBLICACIÓN “A CASA DO MAESTRO DE PONTEVEDRA”

Redacción.- Este martes a Fundación Luís Tilve presentou na Casa Galega da Cultura de Vigo a publicación: "A Casa do Maestro de Pontevedra. Organización societaria e depuración do maxisterio (1934-1936)", na que os seus autores, Porto Ucha e Vázquez Ramil, explicaron o proceso creativo e algúns dos sucesos máis destacados sobre a sociedade provincial de mestres e a represión que estes sufriron tras o golpe militar.

Raquel Vázquez enriqueceu a charla coa súa análise sobre o papel

da muller na sociedade e na educación no período republicano.

Pola súa banda, Roxelio Pérez introduciu a importancia da "Federación de Trabajadores de la Enseñanza" (FETE) no tecido asociativo.

O acto foi presentado por Raúl Gómez Farto, presidente da Asocia-



ción de Renovación Pedagógica Escola Viva, colaboradora na publicación.

AS MOBILIZACIÓNS NO TRANSPORTE URBANO DE VIGO CONTINUÁN

O Comité de Vitrassa anima ó alcalde a revisar o prego de condicións

Redacción.- As mobilizacións continúan no servizo de transporte urbano de Vigo, xa que por parte de Vitrassa, a empresa concesionaria, non se produciu ningún movemento negociador e a súa última oferta é totalmente insuficiente.

O Comité de empresa, do que UGT forma parte, manifesta, a pesar do pasotismo tanto do Concello como de Vitrassa, a súa predisposición a continuar coas negociacións para solucionar un conflito que prexudica tanto ós traballadores como á cidadanía de Vigo.

Os traballadores de Vitrassa chegan a esta mobilización para denunciar xornadas interminables que chegan ata as 10 horas

seguidas de condución con falta de descanso; situacións de estrés extremo ó volante; reiterados incumprimentos do convenio por parte da empresa; negativa a denunciar un convenio xa caducado; atrasos no abono das nóminas; ou negativa da empresa a colocar unhas taquillas onde o persoal de condución poida ter a roupa de recambio e os seus obxectos persoais.

Dende FeSMC insisten en que Vitrassa debe ocuparse de solucionar o conflito que ten aberto cos seus empregados e empregadas, froito de decisións impostas que atentan contra os dereitos das persoas traballadoras.

En canto ó Concello, FeSMC anima a revisar o prego de condicións porque, con-

cretamente, no seu artigo 37 sobre o control e inspección do servizo que ofrece a concesionaria di que: "O Concello estará facultado para esixirlle a xustificación de ter cumpridas todas a cada unha das obrigas de carácter laboral e de seguridade social en relación cos seus empregados". Ó respecto, FeSMC lembra que leva meses solicitando unha intervención do Concello ante os incumprimentos reiterados das obrigas laborais que marcan tanto o Convenio como o Estatuto dos Traballadores.

Esta semana o Comité aínda se reuniu coa Inspección de Traballo novamente para denunciar os incumprimentos do convenio e os requerimentos da propia Inspección.

OS TRABALLADORES E AS TRABALLADORAS DA SANIDADE PRIVADA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DEMANDAN UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- Tras dous anos de negociacións infructuosas coa patronal da sanidade privada da provincia de Pontevedra, os sindicatos con representación no sector, UGT, CCOO, CIG e CSIF, decidiron abrir un calendario de mobilizacións para demandar un convenio digno xa.

Dentro deste calendario, este mércores concentráronse fronte ó centro El Pinar pola mañá e pola tarde fronte ó Hospital Concheiro en Vigo. Para o día 22, ás 16.00 horas, está prevista unha nova mobilización fronte ó Hospital Fátima tamén na cidade olívica.

Os puntos que están a bloquear as negociacións e nos que a patronal se amosa totalmente intransixente son a xornada laboral, suba salarial e permisos retribuídos.

No relativo á xornada, explican dende UGT Servizos Públicos que a actual é de

1.770 horas anuais e pídesese unha rebaixa de 14, algo que a patronal rexeita frontalmente.

A suba salarial que os sindicatos poñen enriba da mesa, co fin de que os traballadores e traballadoras do sector melloren as súas condicións laborais, xa que hai que ter en conta que xa teñen unhas condicións de mínimos, son dun 1,25% para o 2020, 1,5 para o 2021 e outro 1,5% para o 2022, así como a actualización das táboas salariais.

Proposta que a patronal tamén rexeita frontalmente.

Por último, os días de permiso retribuído, que actualmente son tres, pí-



dese un máis e, de novo, os empresarios néganse, só estarían dispostos a un máis pero recuperable, algo que os sindicatos non aceptan. Dende UGT Servizos Públicos manifestan que, de continuar a patronal nesta liña intransixente, as mobilizacións tamén se manterán.

MOBILIZACIÓNS DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE CORREOS EN RIBEIRA E CARBALLO CONTRA O NOVO MODELO DE CARTERÍA

Redacción.- Os traballadores e traballadoras de Correos dos centros de Carballo e Ribeira mobilizáronse este mércores para rexeitar o novo modelo de cartería, que supón a supresión de seccións e distritos, e contra o debilitamento do servizo público postal.

UGT Servizos Públicos explica que o novo modelo de cartería que está a impoñer Correos supón un caos para os seus empregados. Algúns carteiros quedan sen mesa para organizar os seus envíos e isto xa se comezou a aplicar en unidades como Carballo ou Ribeira pero continuará por todas.

O novo modelo conleva unha diminución de espazos e persoas das UR destinadas ao SPU para deixar paso á paquetería comercial, distribuída por CEX e outras empresas filiais.

Rómpeuse a ecuación carteiro-distrito-servizo público-usuario, coa conseguinte perda de calidade do servizo postal público e o deterioro da imaxe de Correos como servizo público.

A desaparición do distrito, unidade básica do Estado para a vertebración social e territorial, é todo un alarde de afastamento da función social e pública do correo público e un indicio de que se camíña cara un modelo "rider".

Este Plan Estratégico máis parece un plan organizado de desmantelamento do servizo público, tratando de recortar postos e recursos a todos os niveis.

UGT Servizos Públicos rexeita rotundamente estas receitas liberais e denuncia que estas e outras ocorrencias do presidente de Correos xa levaron a unhas perdas de case 500 millóns en dous anos e a un déficit estrutural de máis de 300 millóns de euros.

Por elo, UGT, xunto con CCOO,



xa iniciaron un proceso de recollida masiva de sinaturas para rexeitar esta medida e estase a estudar o conflito colectivo pola ilegalidade de saltarse o convenio colectivo. Ademais, iniciouse unha ronda de asembleas e concentracións en todo o país para concienciar ó colectivo de case 30.000 carteiros da necesidade de parar o desguace das carterías, sen descartar paros ou unha folga.

A SITUACIÓN REQUIRE A SUBIDA DE SALARIOS E O DESBLOQUEO DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, foi entrevistado este xoves en “A hora da 1” de TVE onde subliñou que UGT esixe o desbloqueo da negociación colectiva e reivindica unha subida de salarios porque “grazas á reforma da negociación colectiva do Goberno do Partido Popular, os salarios medios no noso país non soben desde o ano 2008”.

Pepe Álvarez lembrou que “levamos desde antes do verán reclamando á patronal a constitución dunha mesa para fixar os criterios xerais para os convenios no noso país. A patronal ten que ser consciente de que fai falta esa mesa, non só pola inflación, que está absolutamente desbocada, senón porque temos que xerar un proceso que normalice a negociación dos convenios”.

“Os convenios están en marcha e non esperan á mesa que hai aberta co Goberno e a patronal. Aí é onde situamos estas mobilizacións que deben servir tamén para dicirlle á patronal que os traballadores e as traballadoras deste país queremos que se avance na mesa de negociación e que manteña unha posición razoable para que os convenios sexan un instrumento de repartición da riqueza que se está xerando neste país. As empresas están a ter beneficios e

eses beneficios tamén hai que trasladalos aos salarios”, engadiu.

Álvarez explicou que “os traballadores e traballadoras que teñan convenio colectivo asinado por máis dun ano sen cláusula de revisión salarial van perder poder adquisitivo, pero nas negociacións dos novos convenios non ten por que ser así, xa que, se, como din algúns expertos, a inflación é un feito conxuntural, os empresarios non terán que pagar máis, pero se, como din outros, mantense, terán que facelo porque a inflación é o que determina o custo da vida e, neste caso, está a azoutar a elementos esenciais de gasto das familias como a cesta da compra, a enerxía e os carburantes”.

Se non se reforma o mercado de traballo, aumentará a conflitividade

En canto á situación da negociación da reforma laboral, Pepe Álvarez destacou que é “moderadamente optimista”, que espera que haxa avances significativos a final de semana porque “sabemos en que punto estamos e continuar falando é debater sobre o mesmo” e que entende que o acordo debería ser das tres partes para ser máis beneficioso para o país.

“É unha negociación complicada porque se tocan elementos moi importantes do sistema de relacións laborais, pero no mes de novembro deste ano”, explicou, “fixéronse dous millóns douscentos mil contratos para consolidar pouco máis de 70.000 empregos, o que significa que miles de empresas utilizan habitualmente a contratación temporal e a precariedade no seu sistema produtivo. A esas empresas vai custarlles cambiar, pero van gañar produtividade e competitividade”.

“Os cambios sempre son difíciles, por iso en cuestións como a contratación hai reticencias por parte da patronal, pero é un punto crave que nos esixe a UE, ir cara a un modelo de estabilización do emprego. E polo que fai referencia á negociación colectiva”, sinalou, “é máis que evidente que, as normas que impuxo o PP, son as que impiden que nestes momentos os convenios funcionen”.

“Se non hai un cambio de normas, se non hai un acordo de carácter xeral, este país vai entrar nunha situación de conflitividade moi forte nos próximos meses porque os traballadores e as traballadoras deste país non estamos dispostos a que os salarios se manteñan en situación de conxelación”, advertiu.

É IMPRESCINDIBLE AUMENTAR OS SALARIOS PARA NON EMPOBRECER ÁS PERSOAS TRABALLADORAS

Redacción.- Os datos de IPC do mes de novembro, publicados polo INE, reflicten unha taxa interanual do 5,5%, unha décima máis respecto ao mes anterior, uns datos que reflicten a perda de poder de compra dos salarios. O acusado e progresivo aumento dos prezos repercute negativamente na capacidade de consumo das familias, debilitando os cimentos que sosteñen a reactivación económica e a creación de emprego. Ademais, xera un empeoramento da calidade de vida da clase traballadora, especialmente daquela que se atopa en situación de vulnerabilidade.

Para a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores, as medidas implementadas polo Goberno foron moi insuficientes e non están a ser eficaces para conter o prezo da electricidade, que segue en valores altos, mentres que o prezo dos hidrocarburos mostra tamén un repunte alarmante nos últimos meses. A iso súmaselle o encarecemento doutros produtos básicos, como o prezo dalgúns alimentos, o que xera que

moitos fogares atópanse con máis dificultades aínda para poder chegar a fin de mes. Ás portas do inverno, a situación preséntase realmente moi preocupante e ameaza con crear unha situación socialmente insostible.

A subida do 1,49% dos salarios de convenio rexistrada ata o mes de novembro e a do 1,6% realizada para o SMI só para os últimos catro meses do ano resultan moi insuficientes para garantir o poder adquisitivo dos salarios. A iso súmanse as persoas que estiveron ao longo do ano, ou que seguen estando, en situación de ERTE, que viron os seus ingresos moi mermados. Dado o avance da produtividade e as marxes empresariais nos últimos anos, existe



marxe para que a maioría de empresas incrementen os salarios e garantan o poder adquisitivo sen que iso repercuta negativamente na súa competitividade. Pola contra, a recuperación económica e social non será nin xusta nin suficiente, pois se sustentará

[Continúa na páxina seguinte...](#)

...vén da páxina anterior.

sobre a base do empobrecemento da clase traballadora e o enfraquecemento da súa capacidade de consumo.

Por iso, UGT insta ó Goberno a cumprir con urxencia cos compromisos contraídos ao longo da súa lexislatura. O SMI debe subir en xaneiro de 2022 ata os 1.000 euros, continuando así a senda de crecemento ata alcanzar o 60% do salario medio (1.050 euros, aproximadamente) en 2023; mentres que os salarios mínimos de convenio deberían elevarse ata os 1.100 euros, incluíndose cláusulas de garantía salarial para protexer a traballadores e traballadoras no caso de que os prezos crezan máis do previsto. Para iso, a patronal deberá sentar a negociar canto antes un novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC), para recoller consensuadamente

estes criterios e outorgar maior confianza e certeza nesta nova etapa de crecemento.

Á súa vez, resulta absolutamente urxente e prioritario derrogar as reformas laborais antes de que conclúa o ano, pois o emprego creado segue sendo precario e escasamente remunerado. Por último, debe adoptar máis medidas para conseguir reducir de maneira urxente o prezo dos produtos enerxéticos que utilizan os fogares, e en especial os que teñen menores ingresos, á vez que avanza cara a unha reforma que impulse unha democratización do sector e sitúe as necesidades dos consumidores no centro.

Datos de interese

O IPC adiantado do mes de novembro rexistra unha taxa interanual do 5,5%, unha

décima máis con respecto ao dato do mes anterior. A inflación, por tanto, continúa en valores moi elevados, alcanzando a taxa máis alta desde setembro de 1992. Neste comportamento, o INE destaca o incremento do prezo do transporte, que aumenta un 13,5% como consecuencia do encarecemento dos carburantes e lubricantes; e, en menor medida, o prezo dos alimentos e bebidas non alcohólicas, que aumentan un 3,3% anual. Pola súa banda, o prezo da electricidade segue rexistrando valores moi altos, cunha taxa anual do 46,7%.

A inflación subxacente, que exclúe aos produtos enerxéticos e os alimentos non elaborados, incrementase tres décimas, rexistrando unha taxa de variación anual do 1,7%, un dato que non se alcanzaba desde xullo de 2013, o cal alerta da existencia de aumentos estruturais do nivel xeral de prezos que convén vivir nos próximos meses.

Curso gratuito e acreditable de dixitalización aplicada ao sector produtivo

<https://bit.ly/31cO083> (link da ficha de inscrición)



Digitalización aplicada al sector productivo.

Curso Gratuito y Acreditable

Curso



Dirigido a:

A personas que trabajan por cuenta ajena, por cuenta propia o en situación de ERTE.

Duración:

30 horas

Modalidad:

Formación virtual tutorizada

Acreditable por el Ministerio de Educación y Formación Profesional para la formación en competencias digitales.

Temario



0. Tecnologías habilitadoras digitales
1. Información y alfabetización digital
2. Comunicación y colaboración
3. Creación de contenidos digitales
4. Seguridad en la red
5. Resolución de problemas

Apúntate

<https://bit.ly/31cO083>



Junt@s
transformamos
el futuro.
#TrabajamosenDigital

Proyecto financiado por el Ministerio de Educación y Formación Profesional - U.E. - Next Generation



10 MESES, 588 MORTOS

Redacción.- UGT resalta que nos 10 primeiros meses do ano producíronse 945.334 accidentes de traballo, e que 588 foron mortais, segundo o avance de datos facilitados polo Ministerio de Traballo e Economía Social.

Do total de accidentes mortais, 481 persoas faleceron durante a xomada de traballo, 21 menos que no mesmo período de 2020, e 107 falecementos foron in itinere, o que supón un incremento do 15,1%. A primeira causa dos falecementos, durante a xomada volveron ser os infartos e derrames cerebrais, con 187, seguida dos accidentes de tráfico con 77 mortes, 10 máis que ata outubro de 2020 (+14,9%). Por outra banda, rexistráronse tan só 9.696 accidentes de traballo debidos á COVID 19, dos que 6 foron mortais e 17 graves. Para UGT, existe unha clara infradeclaración dos accidentes de traballo causados polo contaxio por COVID-19.

Por outra banda, UGT considera que o Plan de Choque contra os accidentes mortais, presentado polo Ministerio de Traballo é pouco ambicioso, porque non aborda as mortes no traballo polas patoloxías non traumáticas. Tampouco dota á Inspección de Traballo de maiores recursos para executalo. Por iso, UGT considera que non estamos realmente ante un plan de choque senón ante unha campaña máis da Inspección de Traballo. UGT cree que este Plan debe ser integral e abordar as causas dos accidentes mortais, entre elas, a enorme incidencia dos riscos psicosociais. Así mesmo, estima que é indispensable reforzar a Inspección, alcanzándose o cociente recomendado pola OIT de 1 inspector por cada 10.000 traballadores.